

Proposta do Servizo de Persoal e Réxime Interior para a ampliación da lista de espera para o nomeamento de persoal funcionario interino do Corpo Superior da Administración do Parlamento de Galicia.

Por acordo do 8 de xullo de 2019, a Mesa do Parlamento de Galicia aproba as bases e convoca probas selectivas para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo superior. (DOG núm. 142, do 29 de xullo de 2019). A base décima. Lista de espera para substitucións, dispón: *“As persoas incluídas na listaxe definida na base 7.1 que non superaron o proceso selectivo pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas.”*

A base sétima no seu punto 1, recolle que *“Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, a resolución do tribunal coa relación das persoas aspirantes que superaron os tres exercicios e acadaron o resultado de apto no terceiro, coa puntuación total obtida, publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e na páxina web do Parlamento de Galicia.”*

En base ao anterior, a lista de espera para o nomeamento de persoal funcionario interino do Corpo Superior da Administración do Parlamento de Galicia está formada por aquelas persoas aspirantes que superaron os tres exercicios da oposición.

Na actualidade se aprecia por esta Administración a necesidade de aumentar de forma urxente a relación das persoas aspirantes incluídas nas listas de espera para poder prestar servizos temporais e así poder dar resposta inmediata as necesidades de persoal desta Administración que debido a imposibilidade de cobertura de postos do Corpo Superior mediante os procedementos ordinarios de selección e esgotado o chamamento das persoas incluídas nesta lista de espera resulta por razóns de necesidade e urxencia ampliar a lista actual para a de provisión temporal dos postos do grupo A polo tempo necesario ata a súa cobertura definitiva.

Polo que, se propón:

- 1.- Ampliar a lista de espera do Corpo Superior do Parlamento de Galicia, incorporando á devandita lista de espera ás persoas aspirantes das probas selectivas convocadas por Acordo do 8 de xullo de 2019 (DOG núm. 142, do 29 de xullo de 2019) que superaron o primeiro exercicio. Sen prexuízo do dereito que lles asiste para a súa exclusión de conformidade coa normativa de aplicación.
- 2.- Que só se proceda ao chamamento das persoas incluídas nesta ampliación da lista de espera cando non estea dispoñible ningunha das persoas aspirantes da lista orixinal.
- 2.- Publicar a ampliación da lista de espera do Corpo Superior da Administración do Parlamento de Galicia que figura como Anexo a este Acordo.